

## CICLOS LOE

### CONVOCATORIA ORDINARIA CURSO ACADÉMICO 2024-25

#### NORMAS A APLICAR NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO INTEGRADO DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR LOE:

##### 1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1 Estas normas afectan aos ciclos LOE que se relacionan a continuación: CS Fotografía, CS Ilustración, CS Escultura aplicada ao espectáculo e CS de Dourado, prateado e policromía.

##### 2. INICIO DE PROCEDEMENTO

2.1 Soamente poderán ser avaliados no PI aquel alumnado que teña superados tódolos módulos que compoñen o CF.

2.2 Soamente poderán realizar o módulo de PI aquel alumnado que teña superados todos os módulos que integran o CF correspondente, agás o módulo de Formación práctica en empresas, estudos ou talleres. Excepcionalmente a Xefatura de estudos poderá autorizar a realización do módulo de PI ao alumnado con módulos pendentes sempre que a suma dos créditos ECTS asociados aos mesmos non sexa superior a 18, e teñan superados os módulos de Proxectos de fotografía I e II, Proxectos de ilustración I e II, Proxectos de escultura aplicada ao espectáculo I e II, Proxectos de dourado, prateado e policromía I e II; nos ciclos de Fotografía, Ilustración, Escultura Aplicada ao Espectáculo e Dourado, Prateado e Policromía respectivamente.

2.3 A comunicación faraa o alumnado perante á Xunta de Titores antes do **14 de marzo de 2025**. Nesta comunicación deberase sinalar o profesorado titor do seu PI da súa preferencia, elixido entre os compoñentes do Departamento de ensinanza profesional de Deseño Gráfico e de Deseño Produto. A tal fin, a Xefatura de estudos proporá tres titores por cada CF, tendo en conta a especialidade docente, de entre o profesorado do CF correspondente. A relación de titores para esta convocatoria recóllese no anexo I.

##### 3. INFORMACIÓN SOBRE OS TITORES

3.1 Cada coordinador das Xuntas de titores convocará unha reunión conxunta de alumnado e titorías, onde se explicará o PI a desenvolver, con entrega da correspondente documentación, explicaranse a proposta/as da Xunta de titores, aceptaranse ou non as propostas alternativas dos alumnos, se fose o caso, e resolveranse cantas dúbidas se susciten. A devandita reunión, que deberá ser fixada polo coordinador da Xunta de titores, deberá celebrarse antes do día 21 de marzo de 2025. Esta data deberá ser comunicada ó alumnado e os restantes membros da Xunta de titores, con polo menos dous días lectivos de antelación e deberá ser exposta no taboleiro de anuncios.

3.2 A Xunta de titores valorará a pertinencia de realizar unha defensa pública da proposta por parte do alumnado. En caso de levarse a cabo tal presentación, farase constar durante a reunión entre o coordinador e o alumnado.

3.3 En caso de precisar calquera aclaración, o alumnado dirixirase ao Portavoz da xunta de titores.

##### 4. ESTRUTURA DO PI

4.1 A Xunta de titores do PI de cada CF determinarán e comunicarán ao alumnado as características comúns do PI que realice o alumnado, a documentación mínima que se deberá presentar, o calendario de actuacións e os horarios individualizados de titorías, así como as datas e procedemento de entrega dos traballos, os criterios de avaliación e a data de cualificación.

4.2 Na estrutura e avaliación do PI teranse en conta os criterios establecidos nos Decretos 92/2015 e 95/2015, do 11 de xuño, respectivamente para os CS de Fotografía e de Ilustración; e nos Decretos 94/2017 e 92/2017 para os CS de Escultura aplicada ao Espectáculo e Dourado, prateado e policromía.



## 5. ACTUACIÓNS DA XUNTA DE TITORES

5.1 O alumnado farán entrega do seu PI, do xeito, forma e nas datas que a Xunta de titores determine comunicándoo esta, no taboleiro de anuncios da Escola con polo menos cinco días lectivos de antelación. A data de entrega do PI será determinada por cada xefatura de Departamento con, como mínimo, 5 días de antelación e a publicación da acta de avaliación será entre os días **17 e 20 de xuño de 2025**, ámbolos dous incluídos.

5.2 Entre a data de entrega do PI e a publicación da acta de avaliación realizarase a presentación, comunicación e defensa do PI. A data e lugar da presentación e defensa será comunicada no taboleiro da Escola logo da entrega dos proxectos.

5.3 Para a presentación, comunicación e defensa do PI cada alumno/a disporá dun máximo de 20 minutos. A Xunta de titores disporá de 10 minutos para formular preguntas ou aclaracións ao alumnado. Esta fase será obxecto de avaliación, segundo o disposto nos criterios de avaliación establecidos polos reais decretos xa citados.

5.4 Para a cualificación do módulo de PI será precisa a cualificación positiva do alumnado en todos os restantes módulos que integran o ciclo formativo correspondente. A cualificación do módulo de PI será a media aritmética das cualificacións numéricas de cada un/ha dos/as titores/as do dito módulo en cada ciclo formativo, con independencia do número de tutelados que lles corresponda, e expresada nunha escala de 0 a 10. A cualificación do módulo de PI formalizarase na sesión de cualificación que a estes efectos dispoña a xefatura de estudos do centro.

5.5 A custodia da documentación e traballos presentados polo alumnado para o seu PI, correspóndelle ao xefe/a de departamento da familia profesional correspondente a cada ciclo formativo, ou membro do departamento en quen delegue, mantendo dita custodia durante un ano natural ou ata a resolución definitiva de calquera reclamación en contra da cualificación recibida por parte do alumnado. Transcorridos os prazos sinalados, o departamento da familia profesional correspondente poderá decidir a entrega de documentación e/ou traballos que integren o PI de determinados alumnos/as aos seus autores/as, correspondéndolle ao xefe/a do departamento establecer os prazos e xeito de entrega dos mesmos, quedando constancia da dita entrega e as súas circunstancias.

## 6. RECLAMACIÓNS.

6.1 O alumnado poderá reclamar ante a dirección do centro contra as decisións e as cualificacións que se adopten como resultado dos procesos das avaliacións finais.

6.2 As referidas reclamacións deberán basearse nalgún dos seguintes aspectos:

- a) A avaliación que se levou a cabo como resultado do proceso de aprendizaxe do alumnado non foi adecuada aos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e nivel, recollidos na correspondente programación didáctica.
- b) Os procedementos e os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación didáctica.
- c) A aplicación dos criterios de avaliación establecidos na programación didáctica para a superación dos módulos non foi correcta.

6.3 O procedemento e os prazos para a presentación e a tramitación das reclamacións serán os seguintes:

1 A reclamación presentarase por escrito ante a dirección do centro, no prazo máximo de dous días hábiles a partir daquel en que se produza a comunicación da cualificación final ou da decisión adoptada.

2 A dirección do centro trasladará a reclamación ao departamento correspondente para que emita o oportuno informe sobre os aspectos sinalados no punto anterior, no cal deberá formularse proposta de ratificación ou rectificación na cualificación outorgada. Unha vez recibido o devandito informe, directora do centro emitirá resolución ao respecto. Este proceso estará rematado nun prazo máximo de dez días naturais, incluída a comunicación ao alumnado, contados a partir do seguinte ao da presentación da reclamación

3 Contra a resolución da dirección do centro, o solicitante poderá presentar recurso de alzada perante o xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo máximo dun mes a partir da súa notificación. A devandita resolución esgotará a vía administrativa.



7. LEXISLACIÓN BÁSICA

7.1 Para todo o non referido nestas normas respecto ao PI estarase ao disposto na Orde de 1 de decembro de 2008, que regula a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa os estudos de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, na Instrución da Dirección xeral e no real decreto do currículo do CF correspondente.

A DIRECTORA

O XEFE DE ESTUDOS

Asdo. Elena Pardo Antequera

Asdo. José Carlos Barreiro Roca



## **ANEXO I: Listado de Tutores para o presente curso 2024-25**

### **Xunta tutores PI dourado**

Díaz Pérez, Julián

Fernández Núñez, Marta

Isla Fernández, Carlos

### **Xunta tutores PI escultura**

Cousiño Gómez, Marta

Gregorio, Sandra

Suárez Saá, Beatriz

### **Xunta tutores PI ilustración**

López Torres, Clara María

Macho Eira, Javier

Rodríguez Sampedro, Xaime

### **Xunta tutores PI fotografía**

Salgado Fernández, M<sup>a</sup> Concepción

Varela Díaz, Gonzalo

Villanueva Fernández, Bernardo (Otero Garcia, Olga)